

hidroeléctricos afectados pola suspensión da tramitación administrativa á que fai referencia o artigo 3 do Decreto 555/2005, do 10 de novembro, polo que se adoptan medidas provisionais en relación coa utilización do dominio público hidráulico.

#### Disposición derradeira

Única.-A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2006.

Manuel Vázquez Fernández  
Conselleiro de Medio Ambiente  
e Desenvolvemento Sostible

#### ANEXO

Relación de expedientes afectados pola suspensión da tramitación administrativa (Decreto 555/2005, do 10 de novembro).

##### A) Expedientes de novas concesións.

	Clave	Río	Concello/s	Provincia
(1ª)	PO/1/151	Verdugo	A Lama, Ponte Caldelas e Cotobade	Pontevedra
(2ª)	PO/9/98	Almofrei	Pontevedra e Cotobade	Pontevedra
(3ª)	LU/5/167	Ulla	Antas de Ulla e Monterroso	Lugo
(4ª)	5/231/3	Barbanza	Boiro e A Pobra do Caramiñal	A Coruña
(5ª)	PO/3/157	Lérez	Cerdedo	Pontevedra
(6ª)	PO/4/147	Umia e Regueiro das Cerqueiras	Forcarei	Pontevedra
(7ª)	5/231/2	Pedras e Barbanza	Boiro e A Pobra do Caramiñal	A Coruña
(8ª)	AC/81/98	Sar	Ames e Santiago de Compostela	A Coruña
(9ª)	PO/5/161	Deza	Silleda e Vila de Cruces	Pontevedra
(10ª)	PO/5/162	Deza	Silleda e Vila de Cruces	Pontevedra
(11ª)	PO/5/163	Deza	Silleda e Vila de Cruces	Pontevedra
(12ª)	PO/5/165	Arnego	Agolada	Pontevedra
(13ª)	ACPO/5/169	Ulla	Santiso Agolada	A Coruña Pontevedra
(14ª)	6/208/4	Vilacoba	Lousame	A Coruña
(15ª)	6/208/6	Vilacoba	Lousame	A Coruña
(16ª)	AC/100/98	Carral	Carballo	A Coruña
(17ª)	AC/41/98	Vexo	Coirós	A Coruña
(18ª)	AC/42/98	Vexo	Aranga e Coirós	A Coruña
(19ª)	13/101/14	Rego Taboada	Monfero	A Coruña
(20ª)	13/101/5	Eume	Capela e Monfero	A Coruña
(21ª)	LU/120/00	Eume	Muras	Lugo
(22ª)	AC/40/98	Vilariño	Vilarnaio e Monfero	A Coruña
(23ª)	AC/15/171	Das Mestas	Cedeira	A Coruña
(24ª)	LU/17/148	Landro	Ourol	Lugo

##### B) Expedientes de modificación de características esenciais.

	Clave	Río	Concello/s	Provincia
(1ª)	3/273/7	Almofrei	Cotobade	Pontevedra
(2ª)	5/244/27	Toxa	Silleda	Pontevedra
(3ª)	5/244/28	Deza	Silleda e Vila de Cruces	Pontevedra
(4ª)	PO/5/127	Torre	Silleda	Pontevedra
(5ª)	10/149/12	Calvar ou Rego A Bordeseca	Coristanco	A Coruña
(6ª)	12/111/18	Mendo	Oza dos Ríos	A Coruña

	Clave	Río	Concello/s	Provincia
(7ª)	14/088/1/1	Narahío	San Sadurniño	A Coruña
(8ª)	LU/25/98	Figueiras	Mondoñedo	Lugo
(9ª)	15/055/1	Landoi	Cariño	A Coruña

#### CONSELLERÍA DE TRABALLO

*Orde do 23 de febreiro de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.*

A evolución do mercado de traballo e a persistencia do desemprego fan necesario articular medidas que inclúan accións de atención constante e especializada dirixidas a aqueles colectivos con dificultades de inserción laboral. O permanente cambio, froito das evolucións sociais, tecnolóxicas e organizativas, leva consigo unha dificultade engadida para as persoas que buscan un emprego, facendo necesario, a miúdo, procesos de orientación e asesoramento especializados, que presten colaboración ás persoas demandantes de emprego e lles faciliten o camiño cara ao mercado laboral.

No Real decreto 1375/1997, do 29 de agosto, establece o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego, no ámbito do traballo, o emprego e a formación, asumíndose as funcións e os servizos transferidos mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro.

As directices de emprego da Unión Europea, e Plans Nacionais de Acción para o Emprego, recollen como actuación prioritaria a mellora da capacidade de inserción laboral dos desempregados a través da información e a orientación profesional personalizada.

Con este obxectivo, a Consellería de Traballo pon en marcha un sistema de orientación laboral, baseado en accións de información, orientación, busca activa de emprego, coa finalidade de mellorar a ocupabilidade dos demandantes de emprego. Este sistema prevé a colaboración de entidades especializadas para incrementar a capacidade e a calidade das accións, o seu achegamento aos usuarios e a atención a colectivos específicos.

O Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo atribúelle a esta, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación, o exercicio das competencias, entre outras, en materia de formación ocupacional e intermediación no mercado de traballo, colocación e orientación laboral.

En virtude do exposto, e co fin de promover as posibilidades de inserción laboral en Galicia, faise necesario articular unha vía de colaboración en materia de información e orientación laboral dos

usuarios do Servizo Público de Emprego de Galicia, con entidades externas, que achegen os recursos humanos, técnicos e materiais necesarios para o desenvolvemento das citadas accións.

Atendendo ao Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, o financiamento das axudas previstas na presente orde farase con cargo aos créditos das aplicacións 16.03.241A.482.0, 16.03.241A.460.0 e 16.03.241A.440.0, correspondente a fondos finalistas transferidos desde a Administración do Estado, e 16.03.241B.480.2, 16.03.241B.480.1, 16.03.241B.461.0 e 16.03.241B.481.2 correspondentes a fondos procedentes do Fondo Social Europeo, a través do Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006 (Código da Comisión Europea: 2000ES.16.1.PO.011), cun cofinanciamento do 70% correspondente ao FSE e do 30% correspondente á Xunta de Galicia. Todas elas figuran na Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para 2006.

Consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, e solicitados os informes preceptivos na tramitación, por proposta da Dirección Xeral de Formación e Colocación e en uso das facultades que me son conferidas de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

## DISPOÑO:

### Capítulo I Disposicións xerais

#### Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases e a convocatoria pública para a concesión de subvencións por parte da Consellería de Traballo, a entidades colaboradoras que realicen accións de información, orientación e busca de emprego, articuladas en itinerarios de inserción ocupacional e dirixidas a mellorar as posibilidades de ocupación dos demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia.

#### Artigo 2º.-Entidades colaboradoras.

Para os efectos da presente orde enténdese por entidades colaboradoras as que teñen personalidade xurídica propia e carezan de fins lucrativos e realicen as accións de orientación profesional, de acordo co previsto nesta norma.

#### Artigo 3º.-Programas.

##### 1. Programa de información profesional.

1. A Dirección Xeral de Formación e Colocación, mediante o Servizo Galego de Colocación, directamente ou por medio de centros colaboradores distribuídos nas áreas funcionais determinadas, levará a cabo accións de información profesional, consistente en:

a) Proporcionarlle información a cada usuario demandante de emprego acerca das actuacións que leva a cabo o Servizo Público de Emprego, direc-

tamente e a través dos seus centros colaboradores, así como pautas básicas sobre a situación do mercado laboral.

b) Tratamento da demanda de emprego, formulada perante o Servizo Público de Emprego de Galicia, mediante a revisión do *curriculum vitae* dos demandantes de emprego que se dirixan aos ditos centros. Esta acción comporta a realización dunha entrevista individual e personalizada, a comprobación e validez dos datos que contén o currículo e dos documentos acreditativos achegados polo usuario do servizo, a posterior codificación destes datos, e a súa introdución á base de datos do Servizo Galego de Colocación. A entrevista ten por finalidade comprobar a adecuación dos datos do currículo coa relación de ocupacións á que opta o demandante de emprego e asesoralo sobre esta ocupación ou outras alternativas.

Esta acción deberá facerse efectiva polos centros colaboradores do Servizo Galego de Colocación nun prazo máximo de dous días desde a realización da entrevista ocupacional ao demandante de emprego.

c) Renovación do currículo cando o solicite o demandante de emprego. Enténdese por renovación o mantemento do currículo dispoñible para o seu emporellamento.

d) Modificación do currículo. Independentemente do establecido nos puntos anteriores, o demandante de emprego poderalle solicitar en calquera momento ao centro que introduciu o seu currículo ou fixo a última modificación nel, a rectificación ou modificación dos datos contidos no seu currículo. O centro deberá facer efectiva a rectificación ou modificación solicitada no prazo de dous días. A notificación á que fai referencia o artigo 16.4º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, producirase por parte do centro asociado ao Servizo Galego de Colocación, de xeito automático por medio da rede informática conectada.

2. As accións especificadas no presente artigo unicamente poderán ser realizadas polo persoal expresamente autorizado para este fin pola Consellería de Traballo.

2. Programa de orientación laboral e busca de emprego.

1. A Dirección Xeral de Formación e Colocación, mediante o Servizo Galego de Colocación, directamente ou por medio de centros colaboradores distribuídos nas áreas funcionais determinadas, levará a cabo as accións de orientación laboral e busca de emprego, dirixidas aos demandantes de emprego.

As ditas accións realizaranse de xeito personalizado, coa finalidade de avaliar o perfil curricular de cada demandante, actuando ao mesmo tempo sobre as súas aptitudes e capacidades, e establecendo actuacións tendentes a adecuar os seus intereses e motivacións á situación actual do mercado de traballo. Tamén poderán desenvolverse accións colectivas, dirixidas á adquisición das capacidades básicas que permitan aos demandantes articular itinerarios activos e eficaces na busca de emprego;

estas accións determinaranse pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, que especificará a súa duración, o número de usuarios de cada acción e a metodoloxía que se vai empregar.

2. Os centros colaboradores que leven a cabo accións de orientación laboral e busca de emprego deberán actualizar na base de datos do Servizo Público de Emprego de Galicia o *curriculum vitae* dos demandantes de emprego que sexan direccionados aos ditos centros. Neste sentido, os centros colaboradores no programa de orientación e busca de emprego estarán obrigados a respectar o disposto nos puntos a), b), c) e d) do artigo 2º.1 da presente orde.

3. As accións especificadas no presente artigo unicamente poderán ser realizadas polo persoal expresamente autorizado para este fin pola Consellería de Traballo.

## Capítulo II

### Dos beneficiarios das accións

Artigo 4º.-Beneficiarios dos programas de información, orientación e busca de emprego.

Serán beneficiarios de ambos os dous programas todos os demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego ben cando o soliciten expresamente ben cando lles sexa ofertado polo propio servizo, a través de calquera dos seus departamentos.

## Capítulo III

### Das entidades colaboradoras

Artigo 5º.-Requisitos.

As entidades elaboradoras deberán reunir os seguintes requisitos no momento de realizar a solicitude.

a) Dispoñer de locais con despacho ou despachos axeitados para atención individual aos demandantes de emprego.

b) Dispoñer dun fax con numeración autónoma, independentemente do tipo de acceso utilizado (líña analóxica, acceso básico RDSI ou outros), co fin de garantir a comunicación entre os servizos centrais do Servizo Galego de Colocación e a entidade colaboradora.

c) Conexión coa Rede Corporativa da Xunta de Galicia. A conexión podese facer de tres formas diferentes:

1. Acceso básico dedicado RDSI.
2. Acceso á rede corporativa por líña dedicada ADSL.
3. Acceso á rede corporativa vía internet.

d) En calquera das tres opcións o hardware de comunicación que posibilite a conexión á Rede Corporativa da Xunta de Galicia terá que cumprir os estándares definidos polo organismo xestor da Rede Corporativa.

e) Dispoñer dun ordenador persoal con protocolo TCP/IP. A conexión do ordenador á Rede Corporativa da Xunta de Galicia deberá ser exclusiva. Unha vez establecida esta, no se poderá acceder a el, a través doutras canles de comunicación, por elementos situados en redes alleas á propia entidade.

Queda expresamente prohibido o uso de técnicas NAT, proxy ou similares na canle de comunicación que oculten a identidade única da estación de traballo. A dirección IP da estación de traballo debe ser fixa en calquera das tres modalidades de conexión. En calquera das modalidades de acceso, os diferentes elementos da rede de comunicación permitirán a apertura de sockets TCP desde os servizos centrais do Servizo Galego de Colocación ata a estación de traballo do usuario.

Tanto o software de base instalado como as características do hardware da estación de traballo deberán posibilitar o correcto funcionamento do aplicativo cliente do Servizo Galego de Colocación.

f) Dispoñer de acceso a internet e correo electrónico.

g) A entidade terá que aplicar as medidas de seguridade nivel medio no tratamento da información de carácter persoal relacionada coas súas tarefas co Servizo Galego de Colocación. Ademais deberá contar con software antivirus, debidamente actualizado e con mantemento periódico, en todas as estacións de traballo que teñan acceso á Rede Corporativa.

4. Ademais dos requisitos especificados no punto anterior, as entidades que desexen colaborar coa Dirección Xeral de Formación e Colocación no programa información profesional deberán acreditar experiencia en tarefas de intermediación no mercado laboral e xestión de bolsas de traballo.

5. Pola súa parte, as entidades que desexen colaborar coa Dirección Xeral de Formación e Colocación no programa de orientación laboral e busca de emprego, deberán acreditar experiencia en materia de orientación profesional e laboral, motivación cara ao emprego, técnicas de busca de emprego, acompañamento para a inserción, selección de persoal e/ou valoración de postos de traballo.

6. Os centros que colaboren coa Dirección Xeral de Formación e Colocación no desenvolvemento da presente orde poderán levar a cabo as accións previstas no artigo 2º desta orde as previstas no artigo 3º ou os dous tipos de actuación ao mesmo tempo, sempre que reúnan os requisitos exixidos nesta orde para a realización das ditas accións.

7. As entidades que colaboren coa Dirección Xeral de Formación e Colocación na realización das accións previstas nos artigos 2º e 3º da presente orde levarán a cabo as ditas accións cos seus medios propios e nas instalacións habilitadas por cada entidade para o seu desenvolvemento.

### Artigo 6º.-Solicitude.

1. As entidades que, reunindo os requisitos establecidos no artigo anterior, desexen obter o recoñecemento como centro colaborador do Servizo Galego de Colocación na área de información, orientación e busca de emprego, deberán formalizar a correspondente solicitude segundo o modelo oficial que se xunta como anexo I á presente orde, subscrita polo titular ou representante legal da entidade, debidamente acreditado, e dirixida ao director xeral de Formación e Colocación.

2. As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

- a) Copia compulsada da escritura de constitución e dos estatutos da entidade.
- b) Tarxeta de identificación fiscal.
- c) Documentación acreditativa de representatividade suficiente para asinar a solicitude.
- d) Título lexítimo que habilite para a posesión dos inmobles e instalacións correspondentes.
- e) Licenza municipal de apertura.
- f) Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos exixidos no artigo 5º:

-Planos do local, selados e asinados polo representante legal da entidade, nos que debe figurar o enderezo do centro ou centros aos que corresponden, e con indicación expresa do despacho ou despachos que se dedicará á realización das accións de información e/ou orientación, tendo en conta que a entidade solicitante deberá dispor de tantos despachos como persoas se adiquen a estas tarefas.

-Facturas conformadas ou documentos que acrediten a existencia dun fax con liña dedicada, conexión ADSL, RDSI ou equivalente, protocolo de comunicación TCP/IP e acceso a internet.

g) Proxecto-memoria das accións que se van realizar, no que deberán figurar, de xeito claro e facilmente identificables, os seguintes puntos:

1. Recursos técnicos, humanos e materiais requiridos, con indicación expresa do número de técnicos de información e/ou orientación para os que se solicita a subvención.

2. Documentación que acredite a experiencia no desenvolvemento das accións solicitadas, detallando o tipo de accións realizadas, a metodoloxía empregada e o número de usuarios atendidos.

3. Xustificación da necesidade das accións.

4. Sistemas de avaliación dos servizos que se van prestar aos demandantes de emprego.

5. *Curriculum vitae* suficientemente acreditado da persoa ou persoas propostas para a realización das accións. (Ver anexo I).

6. Porcentaxe de inserción laboral dos usuarios das accións de información, orientación e busca de emprego que a entidade prevexa acadar no período subvencionado.

h) Orzamento de gastos relativo ao custo do persoal técnico e do persoal de apoio, referido a un período de 12 meses, con indicación do número de persoas que se solicitan.

i) No caso de que a entidade solicitante desenvolva outras medidas de carácter ocupacional (formación profesional ocupacional, escolas obradoiro, obradoiros de emprego, asesoramento a emprendedores, etc.), documentación suficiente que o acredite.

l) Declaración do conxunto de todas as solicitudes de axudas presentadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou de calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades (anexo II).

m) Datos bancarios onde se desexe percibir a subvención (anexo III).

3. As entidades que no momento de presentar a súa solicitude posúan a condición de centros colaboradores do Servizo Galego de Colocación na área de información e/ou orientación e busca de emprego, estarán exentas de presentar a documentación indicada nas letras a) b), c), d) e e) do punto 2 deste artigo. No suposto de que se producira algunha modificación na documentación que consta en poder da Administración, estas entidades deberán remitir a dita documentación convenientemente modificada.

4. Así mesmo, as entidades colaboradoras de titularidade dunha administración pública estarán exentas da presentación do documento indicado na letra a) do punto 2 deste artigo.

5. Se a solicitude presentada non reúne os requisitos establecidos na presente orde, farase un único requirimento ao interesado para que, no prazo de 10 días hábiles emende o erro ou xunte os documentos preceptivos. De non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo de resolución, de acordo co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

6. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Traballo ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7. Declaración de non estar incurso nalgunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

### Artigo 7º.-Prazo.

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

### Artigo 8º.-Criterios de valoración para a adxudicación.

A adxudicación das subvencións previstas na presente orde ás entidades que reúnan os requisitos

exixidos no artigo 5º, realizarase conforme os seguintes criterios:

a) Cobertura existente dentro do Servizo Público de Emprego segundo a área funcional e/ou concello no que se localice a entidade, en relación co número de habitantes e demandantes de emprego de cada zona. 20 puntos.

b) Experiencia acreditada da entidade solicitante no desenvolvemento das accións que solicite realizar. 15 puntos.

c) No caso de que a entidade solicitante posúa no momento da solicitude a condición de centro colaborador do Servizo Galego de Colocación, valoración do traballo desenvolvido. 15 puntos.

d) Desenvolvemento, por parte da entidade solicitante, de forma habitual e ordinaria, de tarefas de información e orientación profesional e laboral como actividade non lucrativa. 10 puntos.

e) Desenvolvemento, por parte da entidade solicitante, doutras medidas de carácter ocupacional complementarias ás definidas nesta orde, de xeito que unha mesma entidade poida ofrecer aos demandantes de emprego a maior oferta de actuacións ocupacionais necesarias, co fin de lograr a inserción e/ou mellorar as posibilidades de emprego dos usuarios atendidos. 15 puntos.

f) Porcentaxe de inserción acadado cos usuarios do período anterior. 10 puntos.

g) Ter abordado a prospección e o estudo do mercado de traballo da área funcional na que se localiza a entidade. 15 puntos.

Artigo 9º.-Procedemento e concesión de subvencións.

1. A convocatoria das subvencións realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva.

2. A tramitación e instrución dos expedientes realizarase na Dirección Xeral de Formación e Colocación conforme ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

3. Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo no director xeral de Formación e Colocación para autorizar, disponer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos.

Unha vez analizadas as solicitudes presentadas e á vista da proposta da comisión de valoración, o director xeral de Formación e Colocación por delegación do conselleiro de Traballo, ditará resolución motivada, que lle será notificada aos interesados.

4. A comisión de valoración estará formada polo subdirector xeral de colocación e dous funcionarios da unidade.

5. A resolución e notificación dos expedientes deberá producirse nun prazo de tres meses contados desde o día posterior ao da entrada da solicitude no correspondente rexistro. Transcorrido o devandito

prazo sen que recaese resolución expresa, esta entenderase desestimatoria.

6. A resolución que finaliza os procedementos regulados na presente orde esgota a vía administrativa, polo que contra elas poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o órgano xurisdiccional competente, na forma e prazo previstos no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciososo-administrativa.

Potestativamente, e con anterioridade á interposición do citado recurso contencioso-administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou o acto administrativo, na forma e prazos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno para a defensa dos dereitos e intereses das entidades solicitantes e outros posibles interesados.

Artigo 10º.-Obrigas dos centros colaboradores.

Calquera centro colaborador do Servizo Galego de Colocación na área de información e/ou orientación e busca de emprego estará obrigado a:

a) Manter as condicións relativas á instalación e estrutura de medios necesarios para a realización das accións acordadas.

b) Presentar trimestralmente información relativa ás accións realizadas, na que constará sempre a sinatura dos participantes e do técnico/a orientador/a, e que se presentarán á Dirección Xeral de Formación e Colocación polos mecanismos que se establezan.

c) Manter e custodiar o expediente completo de cada usuario. No caso de que o centro colaborador, perdesse esta condición, remitir á oficina de emprego que lle corresponda a cada demandante, no prazo máximo de 3 meses, o expediente completo do usuario.

d) Comunicar á Dirección Xeral de Formación e Colocación calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención.

e) Obter o consentimento do usuario para o tratamento automatizado dos seus datos persoais para os efectos da intermediación no mercado de traballo.

f) Adoptar as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal e evitar a súa alteración, perda ou o tratamento non autorizado, de acordo co disposto na Orde do 5 de decembro de 1996, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal.

g) Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas, ou polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

h) Poñer á disposición dos técnicos de información e/ou orientación todos os medios materiais necesarios para o correcto desenvolvemento das súas fun-

cións e, en particular, os equipos informáticos precisos, así como acceso a internet e correo electrónico.

i) Facilitar, no prazo máximo de 10 días, os datos que a Dirección Xeral de Formación e Colocación requira sobre o desenvolvemento e resultado das accións cos demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego.

l) Utilizar axeitadamente as identificacións segundo as instrucións que estableza a Dirección Xeral de Formación e Colocación, e en todo caso, incluír en toda a documentación relativa ás accións de información e/ou orientación e busca de emprego, o logotipo da Unión Europea (Fondo Social Europeo), e da Xunta de Galicia (Consellería de Traballo).

m) Obter autorización previa por parte da Dirección Xeral de Formación e Colocación para a difusión publicitaria das accións previstas nos artigos 2º e 3º desta orde, así como tamén respectar as instrucións e utilizar o modelo de anuncio ou cartel publicitario que determine a Dirección Xeral de Formación e Colocación.

n) Manter á disposición do Servizo Galego de Colocación o expediente completo correspondente ao usuario demandante de emprego durante o período en que se executen as accións.

ñ) Informar a Dirección Xeral de Formación e Colocación, e se é o caso, solicitar autorización, previamente e por escrito, sobre calquera cambio que se puidera producir nos datos expresados polo centro no inicio da súa colaboración.

o) Informar os usuarios dos servizos de información e/ou orientación e busca de emprego do cofinanciamento das accións por parte do Fondo Social Europeo, así como dos obxectivos destes fondos.

p) Non percibir retribución económica ningunha dos usuarios pola realización das accións desenvolvidas en colaboración coa Dirección Xeral de Formación e Colocación no marco desta disposición.

q) Informar previamente á Dirección Xeral de Formación e Colocación sobre se perciben compensacións económicas doutras administracións por levar a termo accións iguais ou análogas ás reguladas na presente orde.

r) Gardar o segredo profesional respecto aos datos contidos nos ficheiros automatizados de titularidade da Consellería de Traballo ou rexistrados en soportes físicos susceptibles de tratamento automatizado. Esta obriga subsistirá cando finalice a súa colaboración coa Dirección Xeral de Formación e Colocación, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e demais normativa que a desenvolva.

Os datos de carácter persoal obxecto do tratamento automatizado estarán sometidos, no que respecta á súa comunicación, ao disposto no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

s) Facilitar información á persoa demandante de emprego do estado dos seus datos de carácter persoal incluídos nos ficheiros automatizados, con calquera das formas expresadas no artigo 15.2º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

t) En caso de cesamento das súas actividades, perda da súa condición de centro colaborador co Servizo Galego de Colocación na área de información e/ou orientación e busca de emprego, ou que a Consellería de Traballo lle suprimira este servizo, o centro remitirá os expedientes dos usuarios que estean viventes ao centro ou entidade que lle indique a Dirección Xeral de Formación e Colocación.

u) Todas aquelas outras obrigas que se desprendan do articulado da presente orde.

Artigo 11º.-Selección e contratación do persoal para a realización das accións.

1. A entidade colaboradora en materia de información e/ou orientación e busca de emprego, unha vez ditada resolución estimatoria, realizará a preselección de técnicos, en todo caso titulados medios ou superiores, para o desenvolvemento das accións referidas nos artigos 2º e 3º desta orde. Unha vez realizada a dita preselección, a entidade colaboradora remitirá á Dirección Xeral de Formación e Colocación ou á delegación provincial correspondente, segundo o caso, os *curriculum vitae* das persoas preseleccionadas, suficientemente acreditado. Os técnicos da Consellería de Traballo examinarán os currículos presentados de acordo co seguinte baremo:

Requisitos imprescindibles para superar a fase de baremación de *curriculum vitae*:

-Titulación media ou superior.

-Acadar unha puntuación mínima total en currículo de catro (4) puntos.

Titulación académica (máximo 2,5 puntos).

Titulacións preferentes:

-Psicología: 2,5 puntos.

-Pedagogía: 2,5 puntos.

-Psicopedagogía: 2,5 puntos.

-Sociología: 2,5 puntos.

-Educación social: 2,5 puntos.

Outra titulación media ou superior: 1 punto.

Formación complementaria (máximo 2 puntos).

Masters, cursos, etc., en materias relacionadas con: análise ocupacional, mercado de traballo, formación ocupacional, itinerarios formativos, técnicas de busca de emprego, técnicas de entrevista, orientación laboral, aplicación e valoración de probas psicotécnicas, técnicas de comunicación e motivación, adestramento en habilidades sociais, relacións laborais, traballo e dinámica de grupo, resolución de conflitos, etc.: 0,1 puntos por cada 30 horas formativas.

Experiencia profesional: (máximo 5 puntos).

A experiencia profesional deberá acreditarse a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia do contrato ou certificado de empresa no que consten as tarefas realizadas, e IAE (alta e actualización) no caso de traballadores autónomos.

Cando se trate de colaboracións, bolsas, titorías, docencia educación social ou servizos sociais, estes deberán acreditarse mediante certificación de organismos oficiais.

Por cada período de 6 meses realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado: orientación laboral/profesional, titorías laborais con persoas adultas, inserción laboral...: 0,4 puntos por cada mes.

Por cada período de 6 meses realizando tarefas indirectamente relacionadas co posto ofertado: 0,1 puntos por cada mes: (máximo 2 puntos nesta epígrafe).

Outros méritos: (máximo 0,5 puntos).

Título de iniciación en lingua galega\*: 0,15 puntos.

Título de perfeccionamento en lingua galega\*: 0,25 puntos.

Coñecementos de informática: 0,25 puntos.

\* (No caso de que o candidato posúa os títulos de iniciación e perfeccionamento, só se valorará o de perfeccionamento).

A acta de selección asinarase conxuntamente co representante da entidade colaboradora.

Unha vez asinada a acta de selección do persoal que realizará as accións e información e/ou orientación e busca de emprego, a entidade colaboradora pode proceder á contratación do persoal.

No caso de que entidades que xa colaboraran co Servizo Galego de Colocación no programa de información e/ou orientación e busca de emprego no exercicio 2005-2006 propoñan aos mesmos técnicos que desenvolveron as accións descritas nesta orde no pasado exercicio, unicamente deberán facelo constar no proxecto-memoria segundo figura no anexo I.

2. O procedemento descrito no punto 1 deste artigo non será de aplicación para a contratación de persoal de apoio.

3. Os técnicos seleccionados aos que alude o punto 1 deste artigo poderán ter relación previa contractual coa entidade beneficiaria ou non, e en todo caso, deberán posuír o título de diplomado ou licenciado universitario, preferentemente en psicoloxía, psicopedagogía, pedagogía, socioloxía ou educación social.

A entidade colaboradora deberá acreditar a experiencia do/s técnico/s seleccionados nas seguintes materias:

a) Para o persoal que desenvolva accións de información profesional, experiencia en materia de for-

mación profesional e/ou ocupacional, intermediación laboral e xestión de bolsas de traballo.

b) Para o persoal que desenvolva accións de orientación laboral e busca de emprego, experiencia en materia de formación profesional e/ou ocupacional, orientación profesional e laboral, recursos humanos, motivación cara o emprego, técnicas de busca de emprego, acompañamento para a inserción, ou outras disciplinas que garden relación directa co mercado laboral.

c) No dous casos previstos nas letras a) e b) anteriores, e no suposto de que a experiencia non poida ser acreditada, a selección realizarase en función das titulacións preferentes establecidas no punto 1 deste artigo, e en todo caso a persoa ou persoas seleccionadas deberán superar os requisitos establecidos no baremo de selección existente ao respecto na Dirección Xeral de Formación e Colocación.

4. A Dirección Xeral de Formación e Colocación realizará, sempre que se estime necesario, a formación inicial dos técnicos seleccionados. Igualmente organizará, con medios propios ou alleos, o perfeccionamento e actualización formativa dos técnicos que realizan as accións.

#### Capítulo IV Contía das subvencións

##### Artigo 12º.-Contía.

1. As contías previstas na presente orde terán por obxecto subvencionar as retribucións totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, por todos os conceptos de persoal necesario para a execución das accións.

a) Para os técnicos, titulados superiores ou medios, as retribucións establecidas na respectiva normativa de aplicación para cada categoría, nivel ou grupo profesional, ata un máximo de 27.946,53 euros por ano.

b) Para o persoal de apoio, as retribucións establecidas na respectiva normativa de aplicación para cada categoría, nivel ou grupo profesional, ata un máximo de 19.562,56 euros por ano.

2. Igualmente subvencionarase ata un 13% do total da subvención aprobada, en concepto de gastos xerais, materiais, técnicos, axudas de custo e desprazamentos que se xeren polo desenvolvemento das accións recollidas na presente orde.

Os dereitos de explotación dos proxectos e produtos financiados con cargo a esta orde serán cedidos á Dirección Xeral de Formación e Colocación, que será a garante da súa difusión e transferibilidade.

Neste sentido, e sempre que lle sexa requirido, o representante legal da entidade solicitante da subvención comprometerase por escrito a realizar esa cesión, de acordo cos requisitos establecidos no texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado por Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril.

Quedan excluídas da previsión establecida neste artigo, as actuacións sometidas ao ámbito de aplicación do réxime xurídico das contratacións coas administracións públicas.

3. As retribucións refírense á prestación de servizos a xornada completa. As retribucións acomodaránse proporcionalmente á xornada que se desenvolva no caso de que a prestación de servizos sexa a tempo parcial.

4. En ningún caso, o importe da subvención que se otorgue ao amparo desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade para desenvolver pola entidade solicitante.

#### Artigo 13º.-Gastos imputables.

1. En relación co artigo anterior, a acreditación dos diferentes conceptos de gastos subvencionables realizarase achegando a seguinte documentación:

a) Retribucións de persoal.

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondentes aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondentes aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.

-Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

b) Gastos imputables ás accións realizadas en concepto de gastos xerais, materiais e técnicos necesarios.

Considéranse gastos imputables neste capítulo:

- Gastos de elaboración de material técnico.
- Gastos en material de oficina, impresos e material funxible.
- Gastos xerais para a realización das accións: alugueres (*leasing* excluído), seguros de responsabilidade civil, mantemento (se non está incluído no aluguer), subministración de enerxía eléctrica, auga, combustible para calefacción (se non está incluído no aluguer), comunicacións (teléfonos, correos...), limpeza, seguridade e vixilancia.

-Gastos que se orixinen por axudas de custo e desprazamentos necesarios para o desenvolvemento das accións, ata o máximo establecido para ambos conceptos pola Xunta de Galicia, ou polas normas legais ou regulamentarias, nos correspondentes convenios colectivos de aplicación, ou contrato de traballo. Se as ditas cuantías foran superiores, as máximas subvencionables con cargo a esta orde, serán as estipuladas nas normas regulamentarias da Xunta de Galicia.

A acreditación deste bloque de gastos farase mediante as facturas correspondentes, orixinais ou copias compulsadas e xustificación do seu pagamento a través de transferencia bancaria ou cheque nominativo, tendo en conta que todas as facturas achegadas como xustificantes deberán estar referidas de forma inequívoca á entidade subvencionada e ao período que abrangue a subvención.

2. Non terán a consideración de gastos imputables ás subvencións que se concedan con cargo á presente orde:

- a) Gastos financeiros.
- b) Gastos de asesoría.
- c) Gastos relacionados co cumprimento dos requisitos para obter a subvención.
- d) Gastos de formación e/ou obtención de títulos ou cotas de colexios profesionais.
- e) Os gastos imputados que foran documentados con facturas que non cumpran os requisitos legais aplicables.

f) Calquera outro tipo de gasto que pola súa natureza ou relación co programa subvencionado non se corresponda co establecido nas letras a) e b) do punto 1 deste artigo.

#### Artigo 14º.-Forma de pagamento.

1. O aboamento da subvención realizarase do seguinte xeito:

a) Unha vez presentado, por parte da entidade colaboradora o certificado de inicio das accións (anexo IV), a copia compulsada do contrato ou contratos do persoal que realizará as accións e o certificado de alta en Seguridade Social do dito persoal, e descontado, se é o caso, o período que a entidade solicitante non puidera xustificar por ter contratado con posterioridade á data establecida como inicio na resolución de concesión, aboarase o 35% da suma das subvencións do ano 2006 e 2007 da anualidade correspondente, en concepto de anticipo á conta da xustificación.

b) Cando a entidade colaboradora teña certificado e xustificado conforme o previsto no artigo 15º desta orde o 20% da suma das subvencións de 2006 e 2007 da anualidade correspondente, transferirase un 20% da cantidade total, sempre e cando a suma do anticipo anterior (35%) e o que se solicita (20%), sexa inferior ao importe da subvención concedida para o ano 2006.

c) As entidades colaboradoras disporán do mes de xaneiro de 2007 para presentar a liquidación parcial da subvención, polo que deberán presentar a xustificación de todos os gastos realizados con cargo á subvención, ata o 31-12-2006 conforme o previsto no artigo 15º desta orde, e por parte da Dirección Xeral de Formación e Colocación procederase a liquidar o importe que corresponda, de acordo coa xustificación presentada e aos anticipos percibidos pola entidade, correspondentes á subvención concedida para o ano 2006.



d) Unha vez finalizadas as accións a entidade solicitante presentará liquidación final conforme o establecido nos artigos 14º e 17º desta orde, tendo en conta que só deberán xustificar o período comprendido entre o 1-1-2007 e o 31-3-2007 e por parte da Dirección Xeral de Formación e Colocación procederase a liquidar o importe que corresponda, de acordo coa xustificación presentada pola entidade, correspondente á subvención concedida para o ano 2007.

e) En todo caso, as certificacións e xustificacións presentadas polas entidades colaboradoras deberán axustarse ao disposto no artigo 15 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Poderanse aboar anticipos de ata o 50% da subvención concedida, unha vez que a entidade acredite o inicio das accións segundo o disposto na letra a) do punto 1 deste artigo, sempre que se constitúa unha garantía a favor da Consellería de Traballo (Xunta de Galicia), nos termos e condicións sinalados no artigo 17 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso de entidades locais, o anticipo ao que se alude no parágrafo anterior terá como límite o 35% da subvención concedida.

Unha vez xustificando o importe total do anticipo concedido conforme o previsto no artigo 15º desta orde, e en todo caso durante o mes seguinte ao de finalización da execución das accións obxecto da subvención, a entidade colaboradora presentará liquidación final dos gastos realizados, no modelo que dipoña a Dirección Xeral de Formación e Colocación, consonte o establecido no artigo 17º desta orde.

Artigo 15º.-Requisitos para o aboamento.

1. A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia segundo o disposto no artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. Unha vez finalizadas todas as actividades, as entidades beneficiarias deberán acreditar mediante certificación selada e asinada polo representante da entidade, a realización das accións descritas.

3. Así mesmo, finalizadas as accións, e antes de proceder ao último pagamento, a entidade beneficiaria deberá presentar unha declaración de conxunto de todas as solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou de calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades (anexo II).

Artigo 16º.-Prazo de execución das accións.

1. As accións poderanse executar ata o 31 de marzo do ano 2007. Neste caso, o proxecto conxunto de actuacións deberá terse iniciado antes do 31 de decembro do ano 2006.

2. No suposto anterior, procederase a imputar á anualidade futura as accións e gastos que se devenquen desde o 1 de xaneiro ao 31 de marzo do ano 2007.

Artigo 17º.-Liquidación final.

1. Antes do 31 de xaneiro de 2007 a entidade colaboradora presentará liquidación dos gastos realizados correspondente á subvención concedida para o ano 2006 no modelo que figura como anexo V á presente orde, acompañada da documentación especificada no artigo 13º.1 desta orde.

2. Antes do 30 de abril de 2007, a entidade colaboradora presentará liquidación dos gastos realizados correspondente á subvención concedida para o ano 2007 no modelo que figura como anexo V á presente orde, acompañada da documentación especificada no artigo 13º.1 desta orde.

Igualmente deberá presentar memoria das accións realizadas durante a totalidade do período subvencionado, con especificación dos demandantes de emprego atendidos en cada unha delas.

3. Ás entidades que, transcorridos os prazos especificados nos puntos 1 e 2 anteriores, non presentasen a documentación de xustificación final dos gastos, poderá serlles exixido o reintegro das cantidades percibidas en concepto de anticipo, consonte o disposto no artigo 19º desta orde.

En caso de que calquera das xustificacións presentadas fose incorrecta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de 10 días, advertíndolle de que, de non facelo, se procederá, se é o caso, a reclamar o reintegro, total ou parcial, da axuda concedida, nos termos e coas condicións sinalados no artigo 78 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

## Capítulo V Seguimento e control

Artigo 18º.-Seguimento das accións.

1. Sen prexuízo das facultades inspectoras que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado e da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo poderá realizar as comprobacións e verificacións que considere precisas para a constatación do cumprimento do disposto nesta orde e demais normativas vixentes que resulten de aplicación.

Así mesmo, as delegacións provinciais da Consellería de Traballo poderán realizar comprobacións e verificacións, presenciais e aleatorias co obxecto de avaliar cuantitativa e cualitativamente o desenvolvemento das accións previstas na presente orde en calquera das entidades beneficiarias da subvención.

No caso de levarse a cabo visitas de seguimento por parte da Consellería de Traballo, os centros colaboradores na área de información e/ou orientación e busca de emprego, facilitarán o acceso ás instalacións nas que se realizan as accións, así como toda a documentación de carácter técnico, administrativo, informático ou contable que teña relación coa subvención concedida que se lles solicite.

Nas visitas de seguimento elaborárase un informe que asinarán o responsable da visita e o responsable da entidade. A sinatura do responsable da entidade non implicará a conformidade co contido do informe.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, o incumprimento dalgunha das obrigas sinaladas nesta orde, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 19º.-Reintegro das subvencións.

1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

a) Incumprimento da obriga de xustificar a realización da actividade.

b) Incumprimento da finalidade para a que a axuda foi concedida.

c) Incumprimento por parte da entidade colaboradora das obrigas sinaladas nesta orde.

d) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos nesta orde ou na normativa que a desenvolva.

2. Así mesmo, procederá o reintegro por parte da entidade colaboradora das cantidades que excedan a contía que se vai percibir polas accións realizadas, unha vez deducidas outras subvencións ou axudas recibidas pola entidade colaboradora para a mesma finalidade, e en todo caso rexerá o disposto no o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 20º.-Participación institucional.

A participación dos axentes sociais para os efectos do Servizo Galego de Colocación efectuarase a través do Comité Autonómico de Emprego.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-As accións incluídas na presente orde financiaranse con cargo ás consignacións orzamentarias que figuran nos orzamentos xerais da comunidade autónoma para 2006: 16.03.241A.482.0 cun importe de 4.092.190,18 euros na anualidade de 2006, e 2.000.000 euros na anualidade de 2007, 16.03.241A.460.0 cun importe de 577.028,21 euros na anualidade de 2006, e 400.000 euros na anua-

lidade de 2007, 16.03.241A.440.0 cun importe de 353.290,78 euros na anualidade de 2006, e 200.000 euros na anualidade de 2007, 16.03.241B.480.2 cun importe de 234.996,38 euros na anualidade de 2006, e 84.000 euros na anualidade de 2007, 16.03.241B.480.1, cun importe de 101.852 euros na anualidade de 2006, e 50.000 euros na anualidade de 2007, 16.03.241B.461.0, cun importe de 166.979,05 euros na anualidade de 2006 e 61.397/18 euros na anualidade de 2007, 16.03.241B.481.2, cun importe de 150.000 euros na anualidade de 2006 e 70.000 euros na anualidade de 2007.

A forma de pagamento prevista no artigo 14º desta orde estará condicionada á autorización do Consello da Xunta de Galicia.

As ditas consignacións estarán supeditadas ás modificacións orzamentarias que se poidan realizar como consecuencia de incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma pola Administración do Estado.

Segunda.-Poderán ditarse resolucións complementarias das solicitudes presentadas dentro do prazo, cando existan fondos provenientes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas ou de incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma pola Administración do Estado. Os incrementos serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceira.-A concesión das subvencións terá como límite global o crédito asignado para este fin na presente orde, e o límite dos compromisos plurianuais que se adquiran ao abeiro do artigo 58.1º b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, logo da autorización do compromiso plurianual por parte do Consello da Xunta.

Cuarta.-En todo o non disposto na presente disposición, será de aplicación a normativa do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais relativa ao programa de información, orientación e busca de emprego.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Formación e Colocación para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e aclaracións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2006.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez  
Conselleiro de Traballo

## ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO



PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS A ENTIDADES COLABORADORAS PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>TR331A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

## DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		IDENTIFICACIÓN SOCIAL	
REPRESENTANTE LEGAL			NIF
ENDEREZO DA ENTIDADE SOLICITANTE		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
ENDEREZO DO CENTRO NO QUE SE VAN DESENVOLVER AS ACCIÓNS		ENDEREZO ELECTRÓNICO	
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	

D/Dna. \_\_\_\_\_ con documento nacional de identidade número \_\_\_\_\_

## DECLARA BAIXO XURAMENTO:

Que reúne todos e cada un dos requisitos exixidos no artigo 5 da Orde \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_, do \_\_\_\_\_, e

## SOLICITA:

Para a entidade \_\_\_\_\_, se lle conceda a subvención solicitada para:

- A realización de accións de información (tratamento de demandas de emprego).  
 A realización de accións de orientación laboral e busca de emprego.

Igualmente, D/Dona \_\_\_\_\_, comprométese a ceder á Dirección Xeral de Formación e Colocación os proxectos e produtos financiados con cargo á presente orde, de acordo cos requisitos establecidos no texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado por Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril.

## DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA COA SOLICITUDE CONFORME O ARTIGO 6 DA ORDE

- COPIA COMPULSADA DA ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN E DOS ESTATUTOS DA ENTIDADE.  
 TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL.  
 DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE REPRESENTATIVIDADE SUFICIENTE PARA ASINAR A SOLICITUDE.  
 TÍTULO LEXÍTIMO QUE HABILITE PARA A POSESIÓN DOS INMOBLES E INSTALACIÓNS CORRESPONDENTES.  
 LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA.  
 DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS REQUISITOS EXIXIDOS NO ARTIGO 5º.
- 1.- PLANOS DO LOCAL.  
 2.- FACTURAS CONFORMADAS OU DOCUMENTOS QUE ACREDITEN A EXISTENCIA DUN FAX CON LIÑA DEDICADA, CONEXIÓN ADSL, RDSI OU EQUIVALENTE, PROTOCOLO DE COMUNICACIÓN TCP/IP E ACCESO A INTERNET.
- PROXECTO-MEMORIA DAS ACCIÓNS QUE SE VAN REALIZAR.
- 1.- RECURSOS TÉCNICOS, HUMANOS E MATERIAIS REQUIRIDOS, CON INDICACIÓN EXPRESA DO NÚMERO DE TÉCNICOS DE INFORMACIÓN E/OU ORIENTACIÓN PARA OS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN.  
 2.- EXPERIENCIA NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS SOLICITADAS, DETALLANDO O TIPO DE ACCIÓNS REALIZADAS, A METODOLOXÍA EMPREGADA E O NÚMERO DE USUARIOS ATENDIDOS.  
 3.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DAS ACCIÓNS.  
 4.- SISTEMAS DE AVALIACIÓN DOS SERVIZOS QUE SE VAN PRESTAR AOS DEMANDANTES DE EMPREGO.  
 5.- CURRÍCULUM VITAE SUFICIENTEMENTE ACREDITADO DA PERSOA OU PERSOAS PROPOSTAS PARA A REALIZACIÓN DAS ACCIÓNS. SE A PERSOA OU PERSOAS PROPOSTAS PARA A REALIZACIÓN DAS ACCIÓNS SON AS MESMAS QUE LEVARON A CABO O PROGRAMA DE INFORMACIÓN E/OU ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO NO EXERCICIO 2003-2004, CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE NA QUE SE INDIQUE ESTE EXTREMO, ASÍ COMO O NOME E NIF DOS TÉCNICOS.  
 6.- PORCENTAXE DE INSERCIÓN LABORAL DOS USUARIOS DAS ACCIÓNS DE ORIENTACIÓN QUE A ENTIDADE PREVEXA ACADAR NO PERÍODO SUBVENCIONADO.
- ORZAMENTO DE GASTOS RELATIVO AO CUSTO DO PERSOAL TÉCNICO E DO PERSOAL DE APOIO, CONVENIENTEMENTE DESAGREGADO POR TÉCNICO: SOLDADO BRUTO (INCLUIDAS PAGAS EXTRAS E INDEMNIZACIÓNS), E COTA PATRONAL, REFERIDO A UN PERÍODO MENSUAL E A UN PERÍODO DE 12 MESES.  
 DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE PARTICIPACIÓN NOUTRAS MEDIDAS DE CARÁCTER OCUPACIONAL (FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL, ESCOLAS OBRADOIRO, OBRADOIROS DE EMPREGO, ASESORAMENTO A EMPREENDEDORES, ETC.)  
 DECLARACIÓN DE CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES DE AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS OU DE CALQUERA DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS, ENTES OU SOCIEDADES (ANEXO II).  
 DATOS BANCARIOS ONDE SE DESEXE PERCIBIR A SUBVENCIÓN (ANEXO III).  
 CERTIFICADO DE ESTAR AO CORRENTE DE PAGAMENTO NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS ESTATAIS E AUTONÓMICAS E DA SEGURIDADE SOCIAL, E NON TER PENDENTE DE PAGAMENTO NINGUNHA DÉBIDA COA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 23 de febreiro de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.*

SINATURA DO REPRESENTANTE

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2006

Director xeral de Formación e Colocación

## ( Para cubrir pola Administración )

RECIBIDO	NÚMERO DE REXISTRO
	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
REVISADO E CONFORME	DATA DE SAÍDA